

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEP SABARÍS

CURSO: 5ºB

MATERIA: LINGUA GALEGA.

DATA: LUNS 11 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinión explícitos.	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
	Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.
Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinión dos e das demais.	Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.	Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.

	Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.
	Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación..
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dotes sentidos bastante evidentes.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
	Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dotes sentidos en textos.
	Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
	Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.
Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.

	Realiza o resumo dun texto sinxelo.
Realizar diferentes tipos de lectura.	Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras. 2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión. 3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
	Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
Usar, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión do texto.	Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados.
	Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
	Usa o dicionario durante elaboración de textos

Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
	Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.
	Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interlineado... en calquera soporte.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas
Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas sinxelas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e	Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera

reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.
	Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
	Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral.
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.
Amosar interese, respecto e tolerancia ante las diferenzas persoais, sociais e culturais.	Amosa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Avaliación continua, global, formativa e de diagnóstico. Se avaliará as aprendizaxes e competencias imprescindibles desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos: Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual. Seguimento e valoración das actividades de repaso , reforzo e ampliación do terceiro trimestre. Traballos de investigación, actividades telemáticas e exercicios por escrito. Actividades globalizadoras e interdisciplinares. Probas escritas. Avaliar competencias. Rutinas de traballo e hábitos de estudo. Técnicas de estudo. Observación directa e indirecta. Comunicación coas familias e alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Os criterios de cualificación atenderán aos seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Probas específicas orais e escritas. (1º e 2º trimestre). Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50% -Actividades de reforzo, repaso e recuperación:20 % - Integración na comunidade escolar, cumprimento de responsabilidades, rutinas de traballo e hábitos de estudo:10 % -Interese, participación e colaboración:10 % -Hábito lector 10%
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación continua e global. - Consecución das aprendizaxes e competencias imprescindibles. - Consecución dos obxectivos mínimos curriculares. - Seguimento e observación das actividades desenvolvidas. - Participación, colaboración e interese - Grao de cumprimento da temporalización establecida.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50% -Actividades de reforzo, repaso e recuperación:30 % - Implicación activa, interese e esforzo: 20%

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">-Metodoloxía a distancia (non presencial).-Actividades globalizadoras e interdisciplinares de repaso e reforzo.-Actividades de ampliación e profundización.-Realización de traballos por escrito.-Traballo por tarefas.-Actividades interactivas online.-Técnicas de estudo: resumo, esquema e subrayado.-Modelo experimental.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">-Todo o alumnado está localizable e dispón de conexión dixital.- Utilízase a paxina web do colexio para o envío e publicación das actividades de reforzo, repaso e consolidación das aprendizaxes imprescindibles.-Espazo Abalar e correo electrónico para comunicación, envío e correccións das tarefas.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">-Libros de texto.-Xornais dixitais.-Actividades e xogos interactivos.-Fichas, exercicios e tarefas por escrito e telemáticamente.-Páxina web do colexio.-Plataforma Abalar .-Correo electrónico.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Información e comunicación as familias a través da paxina web do colexio e por correo electrónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.